


# O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é a ruta que foron facendo, ao longo de séculos, os peregrinos que, desde afastados puntos de Europa, camiñaban para render culto aos supostos restos do apóstolo Santiago que estaban custodiados na catedral compostelá. Aínda que os camiños son múltiples, cando nos referimos ao *Camiño de Santiago* entendemos que se trata do Camiño francés, é dicir, aquel que se foi organizando por diversas rutas atravesando Francia e que confluían nos Pirineos occidentais para seguir, xa nun único camiño polo norte da península ibérica ata chegar a Santiago. Pero tamén viñan peregrinos desde Portugal ou outras zonas de Castela e Aragón, ademais dos peregrinos que o facían por mar desde Inglaterra e os países do norte de Europa e que desembarcaban nos portos do norte peninsular para continuar a pé ata Santiago; este era o Camiño inglés, por ser os ingleses os peregrinos máis numerosos.



Os camiños de Santiago



Para realizar este traballo podes elixir algunha destas opcións:

- 1.Describir as características e as etapas dun destes camiños na Idade Media.
- 2.Describir as etapas do Camiño de Santiago na Idade Media e comentar algunha obra de arte destacada dos lugares nos que os peregrinos facían as das paradas.
- 3.Imaxinar que ti mesmo es un peregrino/a que viaxa a Santiago desde o lugar que decidas partir.
- 4.Seleccionar imaxes de obras románicas destacadas que se atopan no Camiño de Santiago para compoñer un álbum fotográfico no que figuren as obras acompañadas dos teus comentarios.
- 5.Analizar e comentar unha das obras máis destacadas da Idade Media: o Códice Calixtino, un manuscrito no que se describen as etapas do Camiño e se comentan numerosos aspectos relacionados coa peregrinación e os peregrinos.



Códice Calixtino (Catedral de Santiago)